



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Intervención

Plan estratéxico de subvencións do Concello de Bergondo 2026-2028

ANUNCIO

Aprobación Plan estratéxico Concello de Bergondo 2026-2028

O Pleno deste concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 30 de outubro de 2024, aprobou o Plan estratéxico Concello de Bergondo 2026-2028, o que se publica para xeral coñecemento:

“PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE BERGONDO 2026-2028

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

No seu Artigo 8, “Principios Generales” sinala que “Los órganos de las Administraciones Públicas y cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles, y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria”.

Este artigo foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo os principios rectores, ámbito e contido dos plans estratéxicos, competencia para a súa aprobación, seguimento dos mesmos e efectos do seu incumprimento, que se ben non é aplicable ós Concellos, recolle aspectos a ter en conta.

De acordo co Artigo 12.3. RXS “Los planes estratégicos de subvenciones tiene carácter programático y su contenido no crea derechos ni obligaciones; su efectividad quedará condicionada a la puesta en práctica de las diferentes líneas de subvención, atendiendo entre otros condicionantes a las disponibilidades presupuestarias de cada ejercicio”.

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 tamén regula no artigo 5 a obriga de elaborar un plan estratéxico de subvencións nes seguintes termos:

“Artigo 5. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”

En base a isto, o contido do Plan é meramente estimativo das liñas de subvención que se conteñen nos créditos iniciais do Orzamento, non vinculando en ningún caso aos órganos competentes para a concesión de subvencións á apertura de novas liñas ou á non efectiva convocatoria das previstas, en función das circunstancias, condicionado en todo caso ás correspondentes consignacións orzamentarias e á estabilidade orzamentaria.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsiones e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamiento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións (instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública), de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

A normativa citada establece como principios inspiradores a transparencia, que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social por mor da modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: “Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial”. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións

Por todo o antedito, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1.- ÁMBITO TEMPORAL

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2026 a 2028 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2.- NATUREZA XURÍDICO

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

Con carácter previo ó outorgamento das subvencións ou concesións directas (convenios), deberá efectuarse a aprobación gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias do Concello de Bergondo

ARTIGO 3.- PRINCIPIOS XERAIS

Os principios xerais de actuación, como elementos fundamentais do Plan Estratéxico e que deben rexer a xestión municipal en materia de subvencións, son os seguintes:

- Publicidade e concurrencia, mediante a convocatoria previa na que se garante a concurrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade coa normativa aplicable, deberá contar coas debidas dispoñibilidades orzamentarias
- Obxectividade no proceso de asignación dos recursos públicos
- Igualdade e non discriminación
- Transparencia no proceso de asignación de recursos públicos, tanto na concesión como na publicación dos resultados
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos, co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas
- Eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos máis eficientes

ARTIGO 4.- COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 5.- BENEFICIARIOS

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 6.- LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O presente Plan Estratéxico resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvención do Concello, son as seguintes:

6.1.- Subvencións con procedemento de concesión en réximen de concorrencia competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión:

6.1.1.- SUBVENCIONS DE FOMENTO DO DEPORTE E DA CULTURA

Obxectivos estratéxicos

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte o calqueira outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomen-ten a convivencia entre os veciños.
- Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións do termo municipal.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades deportivas e culturais que poidan levar a cabo as distintas asociacións.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.
- Fomento das actividades lúdico-social das asociacións culturais do concello.

Obxectivos específicos

CULTURA

Axudas ás asociacións culturais: Concesión de subvencións para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.

DEPORTES

Axudas ás asociacións deportivas: Concesión de subvencións para a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.

Axudas a deportistas individuais: É obxecto da presente convocatoria establecer os criterios e o procedemento de concesión de becas a deportistas de alto nivel do Concello de Bergondo coa finalidade de facilitar a práctica deportiva e a competición de alto nivel, valorando así a súa especial dedicación ó deporte, sendo conscientes das dificultades que implica; así como promover a difusión do noso Concello en eventos deportivos de carácter nacional ou internacional.

6.1.2.- SUBVENCIÓNS DE FOMENTO DA EDUCACIÓN

Obxectivos estratéxicos

Fomentar e facilitar o acceso á educación, como dereito básico e o que se debe acceder en condicións de igualdade

Obxectivos específicos

Axudas ó transporte: É obxecto da presente convocatoria favorecer o acceso ós centros de ensinanza públicos median-te unha axuda nos gastos derivados da utilización de calquer tipo de transporte para acceder ós mesmos.

Axudas de libros: A finalidade deste programa é colaborar coas familias do municipio no esforzo económico que o comezo do curso ocasiona.

6.1.3.- SUBVENCIÓNS DE FOMENTO DA ACCIÓN SOCIAL

Obxectivos estratéxicos

Apoiar a adopción de medidas de corte social, a fin de mellorar a calidade de vida das familias como núcleo social básico facilitando a consecución de cobertura de necesidades vitais sociais e educativas, segundo as necesidades esta-blecidas polo departamento dos Servizos Sociais municipais

Obxectivos específicos

Axudas vivenda habitual e enerxía: As consecuencias socio-económicas da actual crise se distribuen de forma desigual na poboación, aumentando os niveis de pobreza e exclusión social daqueles colectivos máis vulnerables.

Para facer fronte ás consecuencias da crise e a paliar o seu impacto económico e social, esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas para o pago da vivenda habitual e das facturas de enerxía eléctrica e térmica ás familias máis vulnerables do Concello de Bergondo.

Axudas á escolarización: É obxecto desta convocatoria regular as axudas para a escolarización de menores do Concello de Bergondo, que consisten na subvención de libros e/ou parte do material escolar, e que formen parte de unidades familiares que se atopen incluídos en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou que os ingresos das súas unidades familiares non superen as cantidades que se recollen nas bases reguladoras.

6.2.- Subvencións nominativas, que serán as previstas nas bases de execución de orzamento de cada exercicio. O seu plan de actuación será a elaboración dos convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para o outorgamento destas subvencións de concesión directa.

ARTIGO 7.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, para todo tipo de subvencións que se concedan polo Concello de Bergondo, o prazo de desenvolvemento destas actuacións será sempre anual, sen prexuízo de aquelas actividades que se consoliden no tempo, o cuxa actuación necesite un prazo maior ó exercicio anual, en cuxo caso, deberán seguir cumprimentando anualmente os requisitos que establece a ordenanza.

ARTIGO 8.- FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

Os custos previsibles para atender as previsións do presente Plan para cada exercicio se determinarán nos orzamentos do correspondente ano.

ARTIGO 9.- PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que “tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención”.

As bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento, do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública, poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 10.- CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á intervención do Concello de Bergondo, que se realizará nas condicións estipuladas na lexislación vixente.
- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.

ARTIGO 11. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.»

Bergondo, 5 de novembro de 2025

A alcaldesa

Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

2025/7282